



Memoria de actividade. OSIMGA

Ano 2013

**5º Pleno do Observatorio da Sociedade da
Información e a Modernización de Galicia**

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2014

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Spain Attribution/Non Comercial. Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/deed.gl>

Índice

1	Introdución.....5
2	Obxectivos.....7
3	O OSIMGA en cifras.....9
4	Pleno do OSIMGA. Ano 2013.....13
5	Actuacións e proxectos.....18
5.1	Informes de carácter xeral.....19
	5.1.1 Fogares.....20
	5.1.2 Empresas.....21
	5.1.3 Sector TIC.....22
	5.1.4 eAdministración.....23
5.2	Estudos temáticos.....24
	5.2.1 A Sociedade da Información desde unha perspectiva de xénero..26
	5.2.2 A incorporación das mulleres tecnólogas ao mercado laboral.....27
	5.2.3 As mulleres no sector TIC.....28
	5.2.4 O Software libre nas Pemes.....29
	5.2.5 O Software libre nas Empresas informáticas.....29
	5.2.6 O Software libre nos Concellos.....29
	5.2.7 A mocidade e as TIC.....30
	5.2.8 A Banda larga nos fogares galegos.....31
	5.2.9 Os Autónomos TIC.....32
	5.2.10 A Situación Laboral das Enxeñarías en Informática de Galicia....33

5.3	Proxectos en colaboración co IGE e no marco do IV Plan Galego de Estatística.....34
	5.3.1 Convenio de colaboración entre a Amtega e o IGE para a optimización das operacións estatísticas nos fogares e nas empresas.....36
	5.3.2 Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.....37
	5.3.3 Enquisa ás Empresas TIC.....37
	5.3.4 A Administración electrónica na Xunta de Galicia e nos Concellos galegos.....38
5.4	Sistema de información e vixilancia 39
5.5	Colaboracións.....44

1. INTRODUCCIÓN

Este documento presenta un balance dos servizos e actuacións desenvolvidas durante o ano 2013 polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), organismo adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia.

O **principal obxectivo** desta memoria anual é difundir os resultados de todas as actividades realizadas por parte do OSIMGA durante ese período de acordo coa planificación de actividades que figura no Plan de Traballo Anual 2013, aprobado no Pleno celebrado o 15 de abril de 2013.

As actividades do OSIMGA **enmárcanse nas iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal**, dado que o Observatorio configúrase como o instrumento para analizar e avaliar o estado de desenvolvemento da sociedade da información en Galicia.

No ano 2013 acadouse, novamente, un **elevado grao de execución** das actuacións do OSIMGA, afianzando a intensa **colaboración** establecida entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través do OSIMGA, e o **Instituto Galego de Estatística (IGE)**, no que se refire á coordinación da realización das enquisas en materia da Sociedade da Información

Esta colaboración materializouse na optimización da recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nos fogares e nas empresas de Galicia e na inclusión de cinco operacións e actividades estatísticas no IV Plan Galego de Estatística 2012 -2016 e nos seus correspondentes Programas Anuais.

Os froitos deste traballo e esforzo son a eficiencia e a rigorosidade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica na área das tecnoloxías da información e da comunicación e a **consolidación dun sistema de indicadores da sociedade da información en Galicia**.

A Memoria do OSIMGA ofrece distintos **indicadores de seguimento** sobre os traballos realizados e os servizos ofrecidos polo Observatorio, presentando dun xeito sistemático todas as observacións realizadas polo OSIMGA, tanto as **observacións de carácter xeral como as de carácter temático**. Esta memoria comprende os traballos de deseño das enquisas e observacións, a recollida de información e a difusión dos resultados, así como aquelas tarefas que definen ao OSIMGA como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información de Galicia.

Este documento describe tamén o estado dos proxectos e actividades do Observatorio no marco do Plan Galego de Estatística 2012-2016, entre as que destaca a actualización do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

O informe recolle tamén as actividades realizadas polo OSIMGA como dispositivo de xestión, información e vixilancia especializada, destacando a súa **web e as canles 2.0** como principais instrumentos de difusión.

Por último, abórdanse as actividades de participación, colaboración e organización de eventos realizadas polo Observatorio durante este ano para promover o intercambio de experiencias e información.

2. Obxectivos



**Órgano para avaliar o avance da
Sociedade da Información**

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) é un órgano asesor para a valoración da evolución da Sociedade da Información, a Modernización Administrativa e a Administración electrónica nas Administracións Públicas de Galicia, e para a participación e colaboración coas distintas Administracións Públicas nesta materia.

O OSIMGA é un sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos nas devanditas materias.

Creado e regulado polo Decreto 21/2010 do 4 de febreiro (DOG, 26/02/2010), que foi modificado polo Decreto 57/2013 do 11 de abril (DOG, 12/04/2013), o OSIMGA está adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Xunta de Galicia.

Obxectivos

Os principais obxectivos do Observatorio son:

- Desenvolver ou promover compilacións, estudos e análises de datos que permitan coñecer, cunha visión global, o nivel de desenvolvemento, a tendencia e os posibles problemas que afecten a extensión da Sociedade da Información en Galicia e á aplicación do modelo de eGoberno nas administracións públicas galegas.
- Facilitar análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.
- Promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades.
- Impulsar a organización de eventos formativos, reunións de expertos ou grupos de traballo.
- Promover e xestionar a elaboración e difusión de publicacións técnicas, impresas ou electrónicas, específicas e monográficas ou de publicación periódica.

- Xestionar e ofrecer periodicamente e, como mínimo, a través dunha web específica, información sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, eventos formativos, noticias de actualidade, ou enlaces con outras fontes de información, observatorios ou entidades.
- Elaborar e presentar publicamente informes que reflictan o estado de situación ou a evolución prevista.
- Facilitar datos a outros organismos e entidades con competencias específicas na materia.
- Analizar o estado de desenvolvemento da Sociedade da Información para toda a cidadanía e, en especial, no que respecta ás mulleres, ás persoas con discapacidade, ás persoas maiores e aos colectivos con risco de exclusión, promovendo liñas de actuación que potencien a súa incorporación e permanencia activa en condicións de igualdade efectiva.
- Avaliar e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración.

3. O OSIMGA EN CIFRAS

23 informes realizados

650 indicadores monitorizados

20 colaboracións establecidas con outras entidades

40 boletíns informativos

82.625 visitas á web OSIMGA

6.885 visitas medias mensuais da web

846 noticias e análises publicadas na web


Evolución do OSIMGA desde a súa creación

Desde a creación do OSIMGA, a principios do ano 2010, o OSIMGA realizou un amplo esforzo para ampliar a súa actividade de observación e análise dos indicadores da Sociedade da Información e, ao mesmo tempo, achegar este coñecemento dunha forma clara e transparente á sociedade.


As necesidades e expectativas da cidadanía, empresas e Administracións Públicas son o punto de partida para a definición dos nosos compromisos, sendo a medición do seu grao de cumprimento unha tarefa fundamental no proceso de mellora continuada do OSIMGA.

Por este motivo, neste capítulo preséntase un balance dos principais indicadores de xestión do Observatorio e amósase a evolución positiva que experimentaron, tanto o número de estudos e análises realizadas como o incremento significativo das consultas e visitas aos produtos e servizos que se ofrecen desde a web do OSIMGA


Nos catro últimos anos, o OSIMGA despregou unha intensa labor de análise a través da elaboración de diagnósticos e estudos temáticos, multiplicando a cifra inicial de informes que se realizaron no primeiro ano de existencia do Observatorio e publicando 23 estudos no ano 2013. Se analizamos o período 2012-2013, o número de informes incrementouse un 21,1%.



O incremento de estudos realizados é o resultado directo do aumento dos indicadores monitorizados polo OSIMGA nos tres últimos anos. Inicialmente, o OSIMGA comezou monitorizando cen indicadores relativos ás TIC en diversos ámbitos: fogares, empresas, sector TIC e Administración. Actualmente, xa se acadan os 650 indicadores avaliados anualmente polo OSIMGA que permiten atender ao singular perfil sociodemográfico existente en Galicia.




Unha das conclusións máis relevantes e positivas que se observan neste exercicio de autodiagnóstico que realiza o OSIMGA é o seguimento dos proxectos e actividades do OSIMGA a través da súa web. No ano 2013, o número medio mensual de visitas á web do OSIMGA situouse en 6.885 visitas, experimentando un aumento do 27,7% no período 2012-2013.



O OSIMGA analiza tamén a información de actualidade procedente de entidades externas, extraendo os datos destacados relativos á Comunidade Galega e observando as últimas tendencias en materia de Sociedade da Información. No ano 2013, o OSIMGA elaborou e publicou máis de 846 noticias. Ademais, o boletín electrónico informa semanalmente aos nosos subscritores das noticias elaboradas polo OSIMGA, acompañado dunha selección experta das experiencias e eventos de actualidade. A boa acollida deste servizo queda reflectido nos máis de 1870 subscritores cos que conta o boletín do Observatorio.


NÚMERO DE SUBSCRIPTORES AO BOLETÍN SEMANAL DA WEB DO OSIMGA



4. Pleno do OSIMGA. Ano 2013

As actividades realizadas polo OSIMGA no ano 2013 teñen como marco de referencia o Plan de Traballo aprobado no Pleno do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), celebrado o 15 de abril de 2013 na Cidade da Cultura.

O Pleno do Observatorio estivo presidido pola Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia e integrado por representantes das distintas Administracións públicas, universidades xunto con personalidades de recoñecido prestixio en materia da Sociedade da Información e de modernización administrativa.



Estrutura do Pleno do OSIMGA

PLENO DO OSIMGA

PRESIDENCIA:
Persoa titular da Dirección da Amtega

Secretaría:
Xefe do departamento. Amtega

Vogalías

Persoa titular
Da área de Sociedade Dixital. Amtega

Persoa titular da área de Modernización das Administracións Públicas, Amtega

Persoa titular da Dirección da Axencia Galega de Innovación.
Consellería de Economía e Industria

Persoa titular da Dirección Xeral de Admón Local. Consellería
de Presidencia, AA.PP. e Xustiza.

Persoa titular da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma
Administrativa. Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza.

Persoa Titular da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio
da Consellería de Facenda

Persoa titular da Dirección do Instituto Galego de Estatística

Persoa titular de competencia no ámbito da sociedade da
información e a modernización pertencente á Administración
Xeral do Estado.

Representante das universidades públicas de Galicia,
designada por proposta do Consello Galego de
Universidades.

Representante dos concellos de Galicia por proposta da
Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)

Personalidade de recoñecido prestixio en materia de
sociedade da información

Personalidade de recoñecido prestixio en materia de
modernización administrativa

Representante/s de cada un dos sindicatos presentes na
Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas

Representante/s designados por proposta da
Confederación de Empresarios de Galicia

Neste Pleno, por primeira vez, incorporáronse como vogais do Pleno os representantes das organizacións sindicais e empresariais. Ademais, presentouse o balance da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal para o período 2009-2012 e avalíouse o estado da Sociedade da Información en Galicia a través dos principais datos estatísticos. Dando cumprimento ás directrices do Decreto de creación do OSIMGA, tamén se presentou a súa Memoria Anual e aprobouse o Plan de Traballo do Observatorio para o ano 2013.

Decreto 57/2013 do 11 de abril (DOG do 12 de abril do 2013), polo que se modifica o Decreto de creación do OSIMGA.

A Directora da Amtega deu conta no Pleno do ano 2013 do Decreto 57/2013 do 11 de abril, publicado no Diario Oficial de Galicia do 12 de abril do 2013, que modifica o Decreto 21/2010, do 4 de febreiro, polo que se crea e regula o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia.

A Directora da Amtega sinalou a necesidade de modificar o Decreto de creación do OSIMGA coa finalidade de atender aos cambios organizativos xurdidos pola creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e da Axencia Galega de Innovación e para incorporar como vogais do Pleno aos representantes das organizacións sindicais e empresariais, dando cumprimento aos acordos da Mesa Xeral de Diálogo Social do 30 de xullo de 2010.

Balance da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal para o período 2009 – 2012



O Goberno galego fixo unha aposta pola tecnoloxía e pola economía do coñecemento a través dunha nova folia de ruta: A Axenda Dixital de Galicia 2014.gal.

O informe Balance 2009-2012 da Axenda Dixital foi presentado o pasado 15 de abril de 2013 aos integrantes do pleno do Observatorio para a Sociedade da Información (OSIMGA) xunto co plan de traballo deste organismo, dependente da Amtega, para 2013.

Informe sobre o Estado da Sociedade da Información en Galicia



No Pleno presentase un informe sobre os últimos datos estatísticos dispoñibles da situación actual da Sociedade da Información en Galicia nos seguintes ámbitos de observación: eGoberno, cidadanía, empresas e sector empresarial TIC.

A presentación do Estado da Sociedade da Información, permitiu establecer unha análise DAFO, destacando entre as fortalezas:

- A convivencia con nenos/as e xóvenes impulsa de xeito determinante o uso das TIC
- Bos niveis de equipamento e uso TIC nas áreas urbanas, especialmente nos sete grandes concellos e entre os xóvenes
- As empresas de 10 e máis empregados acadan niveis de madurez tecnolóxica
- Presenza na Rede das empresas a través das Redes Sociais
- Uso da eAdministración por parte da poboación superior á media estatal
- Estabilidade no nivel de emprego no sector TIC

E entre as debilidades a superar nos próximos anos, sinalouse:

- Baixo nivel de uso das TIC no hábitat rural
- Baixo nivel de uso das TIC no grupo de idade de 45 a 74 anos
- Significativa fenda dixital entre as grandes empresas e as microempresas e os autónomos, que se atopan en fase de crecemento dixital

Memoria de actividade e Plan de Traballo do OSIMGA

O Pleno do Observatorio do ano 2013 aprobou o Plan de traballo anual que describe as tarefas que configuraron o programa de traballo do Observatorio ao longo do ano 2013 e a memoria de actividades que pode consultarse na web do OSIMGA www.osimga.org




5. Actuacións e proxectos

A fin de contribuír á definición estratéxica das políticas públicas na materia, durante o ano 2013, o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) levou a cabo unha ampla actividade prospectiva, elaborando informes de situación, de evolución e distintas análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.

A continuación, preséntanse todos os proxectos realizados polo OSIMGA ao longo do ano 2013, organizados en base a cinco liñas de actuación estratéxicas. Para cada un dos proxectos identificados expoñerase a súa descrición e características máis relevantes.

Todos os informes de carácter xeral como os estudos temáticos do OSIMGA distribúense libremente na Rede baixo licenza Creative commons e poden consultarse na web do Observatorio www.osimga.org

Liñas de actuación estratéxicas





5.1. Liña 1 – INFORMES DE CARÁCTER XERAL

No ano 2013, o OSIMGA focalizou a análise da evolución do equipamento e uso das TIC nos seguintes catro colectivos.



COLECTIVOS ANALIZADOS

Fogares



Empresas



Sector TIC



eAdministración





5.1.1 Fogares



- **Convenio Amtega - IGE**
- **8.053 enquisas presenciais nos fogares galegos coa participación de 17.681 persoas de idades comprendidas entre 16 a 74 anos.**



Este informe é o **primeiro** que se elabora no marco do **convenio asinado entre a Amtega e o IGE**, a partir dos datos recollidos na "Enquisa de Condicións de Vida das Familias" do Instituto Galego de Estatística e posteriormente analizados polo OSIMGA, co fin de avaliar a evolución da penetración das novas tecnoloxías na sociedade galega.

Esta colaboración supuxo un aumento de mostra a fogares respecto aos anteriores estudos que realizaba o OSIMGA, facilitando unha **maior desagregación dos datos** segundo áreas xeográficas.

Ademais, evítanse duplicidades a acádase un aforro económico de máis de 50.000 euros anuais



- **Ampliación significativa dos indicadores de comercio electrónico e das microempresas.**



**A Sociedade da Información
nas empresas de Galicia**

5.1.2 Empresas

A información que se presenta procede da Enquisa sobre uso das TIC e comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estatística (INE) e foi **facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE), en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a Amtega e o IGE.**

Ademais, dito Convenio permite que se facilite ao OSIMGA unha ampliación dos datos publicados polo INE, especialmente, no que se refire a:

1. Microempresas

2. Comercio electrónico

3. Datos específicos das empresas multilocalizadas, con sede fóra de Galicia, e que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Galega.

O OSIMGA proporciona, ademais dos valores globais de cada indicador, a desagregación por outras variables de interese:

**Número de empregados/as,
actividade económica, provincia e
condición xurídica da empresa.**



5.1.3 Sector TIC

Contribución á economía galega: Valor engadido bruto

O valor engadido bruto (VEB) do sector TIC galego superou os 1.149 millóns de euros no ano 2011, o que representou o 2,0% do PIB de Galicia



Estudo de referencia do sector empresarial TIC galego, realizado polo OSIMGA e incluído no IV Plan Galego de Estatística 2012 - 2016

Este informe presenta os principais datos de caracterización do sector TIC galego: emprego, volume de negocio, demografía empresarial,...



Emprego

Ano 2010: 15.851	Ano 2011: 15.855	Ano 2012: 15.473	Avance xuño 2013: 15.144
---------------------	---------------------	---------------------	-----------------------------

Porcentaxe sobre persoal ocupado de Galicia:





5.1.4 eAdministración

- O OSIMGA analizou o avance dos servizos públicos da administración electrónica na Xunta de Galicia e nos concellos galegos

Estas dúas estatísticas do OSIMGA **están incluídas no IV Plan Galego de Estatística 2012 - 2016**

Galicia é **coordinadora do Grupo de Traballo “Observatorio, Medidas e Indicadores”** do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no que participan todas as Comunidades Autónomas

A Enquisa sobre a administración electrónica nos concellos de Galicia foi realizada no 4º trimestre do ano 2013 en estreita colaboración coa Oficina eConcellos, dentro do marco estratéxico da Axenda Dixital e do **Plan eConcellos** e publicárase no 1º semestre deste ano.



5.2 Liña 2 – ESTUDOS TEMÁTICOS

No ano 2013, O OSIMGA tamén publicou diversos estudos monográficos, que teñen o obxectivo de avaliar un ámbito específico de interese relacionado coas tecnoloxías da información e da comunicación e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración no marco da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal.

Os estudos monográficos do Observatorio elaboráronse a partir da extracción sistemática da información sectorial contida nos informes de diagnóstico do Observatorio, a partir de novas enquisas ou análises cualitativas dun sector, ou ben, a partir da recompilación da documentación e datos existentes en fontes de información externas.

A continuación, preséntanse as áreas temáticas e colectivos específicos analizados polo OSIMGA no ano 2013. Para cada unha destas áreas estratéxicas de interese, realizouse un estudo temático, do que se expoñen a súa descrición e características máis relevantes.



Áreas temáticas e colectivos específicos



Ámbito: Fenda Dixital desde unha perspectiva de xénero



Ámbito: Software libre



Ámbito: Outros estudos temáticos





5.2.1 A Sociedade da Información desde unha perspectiva de xénero



No ano 2013, o OSIMGA continuou analizando o estado de desenvolvemento da Sociedade da Información entre o colectivo feminino e realizando un seguimento da fenda dixital de xénero en Galicia

- Analiza comparativamente os principais indicadores que de uso e acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia nos que ten influencia a diferenza segundo o sexo.
- Estuda a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo

- **Realizado no marco da:**

unidade de
**muller e
ciencia**
de galicia



- Realizado no marco da:

unidade de
**muller e
ciencia**
de galicia

Informe elaborado co gallo do Día Internacional da Muller Traballadora do 8 de marzo

O informe **xurde da necesidade** de realizar un seguimento da incorporación das mulleres tecnólogas ao mercado laboral en Galicia, no marco das liñas de actuación desenvolvidas pola Unidade de Muller e Ciencia da Xunta de Galicia na que participa a Amtega.

Con este obxectivo presentouse este documento que recolle datos actualizados do uso das TIC:

- na poboación,
 - nas empresas
 - nas universidades galegas
- desde a perspectiva de xénero.



5.2.2 A incorporación das mulleres tecnólogas ao mercado laboral




5.2.3 As mulleres no sector TIC




Este informe, **elaborado polo OSIMGA**, deu cumprimento aos seguintes obxectivos:

- Presentar **datos actualizados** sobre a presenza das mulleres no sector tecnolóxico.
- Identificar as súas funcións e **roles** no cadro de persoal das empresas TIC.
- **Recompilar recomendacións** que promovan a incorporación das mulleres en postos cualificados do sector TIC, fomentando a súa participación nos procesos de toma de decisións.

Factores que limitan a presenza feminina no sector TIC





- Estes estudos responden aos compromisos asumidos no marco das actuacións de impulso do Software libre que se establecen no Plan de Acción Software Libre 2013.
- O OSIMGA analiza o avance da implantación do Software Libre nas empresas e na Administración

Os resultados obtidos demostran que a tendencia no uso do software libre continúa a ser moi positiva:

1º POSTO ENTRE AS CCAA PARA AS EMPRESAS GALEGAS DE 10 E MÁIS TRABALLADORES/AS NO USO DO SOFTWARE LIBRE

Os estudos realizados no ámbito empresarial ofrecen **evolucións desde o ano 2006** e datos específicos segundo número de empregados/as das empresas, actividade económica e provincia.

Estes estudos confirman que as actividades que se veñen promovendo desde a Amtega para o fomento do Software Libre no sector empresarial están **en sintonía** coas demandas do sector empresarial:

- Celebración de xornadas de demostración no Centro Demostrador TIC (en diante CDTIC)
- Formación a través do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (en diante CNTG) e CDTIC
- Servizo de soporte de primeiro nivel a través da Oficina de Coordinación de Software Libre e do CDTIC ...

3 estudos específicos sobre **Software Libre**:
 Pemes, Empresas informáticas e Concellos



5.2.7 A mocidade e as TIC




Os fogares con nenos/as en idade escolar obrigatoria presentan un equipamento e unha penetración de servizos TIC significativamente superior á media.

- Este informe avalía a incidencia da presenza de nenos/as e xoves no fogar en relación ao equipamento e uso das TIC, a partir de datos propios do OSIMGA obtidos no marco do convenio asinado co IGE.
- O estudo tamén cuantificou o uso de Internet dos “nativos dixitais” e, en particular, das redes sociais, a partir de fontes de información complementarias.





MAPA DE FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A COMARCA E DENSIDADE DE POBOACIÓN



5.2.8 Estudo específico sobre a Banda Larga nos fogares galegos

GALICIA SUPERA A MEDIA ESTATAL NO USO DE DISPOSITIVOS MÓBILES

- Baseado en máis de 8.000 entrevistas en fogares galegos/as, sendo o estudo que proporciona **o maior nivel de detalle a nivel territorial en Galicia**.
- Ademais, este informe inclúe información, sobre a conexión móbil a Internet e os últimos datos publicados pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT)





5.2.9 Os Autónomos TIC



XUNTA DE GALICIA

1º estudo específico entre os autónomos TIC galegos

Entre as principais **conclusións** destacan:

- Boa percepción do seu negocio e do futuro do sector
 - Escasa automatización da xestión empresarial
- Escasa dispoñibilidade de web e maior predisposición que as sociedades empresariais TIC (AS,SL) ao uso das redes sociais
 - Necesidade dun forte impulso do comercio online
 - Interese pola innovación e a formación

Constitúe un **punto de partida** para avaliar e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións focalizadas nos autónomos/as TIC



No marco do convenio asinado
entre a Amtega e o CPEIG



5.2.10 A Situación Laboral das Enxeñarías en Informática de Galicia

O informe sobre a situación laboral das Enxeñarías en Informática realizouse, a través de Internet, a partir dun total de 494 enquisas, 341 dos enquisados son colexiados do CPEIG e o resto, do CPETIG.

O Edificio Politécnico do Campus das Lagoas, en Ourense, acolleu a presentación deste informe que retrata a realidade profesional dos/as enxeñeiros/as en Informática.

Na presentación, que tivo lugar diante dun nutrido número de estudantes, o presidente do CPEIG destacou a **alta empregabilidade** dos enxeñeiros/as en informática.



5.3 Liña 3 – PROXECTOS EN COLABORACIÓN CO IGE E NO MARCO DO IV PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2012-2016

Durante o ano 2013, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través do OSIMGA, e o Instituto Galego de Estatística (IGE) desenvolveron varias liñas de colaboración no que se refire á coordinación da realización das enquisas en materia da Sociedade da Información, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

Algúns resultados desta intensa colaboración entre a Amtega, a través do OSIMGA, e o IGE son:

O Consello Galego de Estatística aprobou os 3 proxectos técnicos elaborados polo OSIMGA: "Enquisa ás empresas TIC de Galicia", "Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia" e "Estatística da administración electrónica na Xunta de Galicia"

Execución do **Convenio de colaboración** para optimizar a recollida de datos a fogares e empresas, o que suporá un **aforro estimado de máis de 50.000 euros anuais**

O OSIMGA acadou o **100% de execución** en catro operacións e actividades estatísticas incluídas no Programa Estatístico Anual correspondente ao ano 2013



Liña 3 – PROXECTOS EN COLABORACIÓN CO IGE E NO MARCO DO IV PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2012-2016



A continuación, relaciónanse os proxectos desenvolvidos en colaboración co IGE e as operacións e actividades estatísticas cuxa responsabilidade de execución recae na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a través do OSIMGA. Para cada un destes proxectos, expóñense as principais características:

Código	Proxectos en colaboración co IGE e Operacións e actividade estatística do IV Plan Galego de Estatística	Estado/Grao de execución
		Ano 2013
	Convenio de colaboración entre a Amtega e o IGE para a optimización das operacións estatísticas nos fogares e nas empresas	En vigor
41-101	Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia	Aprobado proxecto técnico no ano 2013 Grao de execución: 100%
41-201	Enquisa ás Empresas TIC	Aprobado proxecto técnico no ano 2013 Grao de execución: 100%
41-301	Estatística da administración electrónica na Xunta de Galicia	Aprobado proxecto técnico no ano 2013 Grao de execución: 85%
41-302	Estatística da administración electrónica nos Concellos de Galicia	En curso Grao de execución: 100%
AE219	Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia	Actividade estatística Grao de execución: 100%

Liña 3 – PROXECTOS EN COLABORACIÓN CO IGE



E NO MARCO DO IV PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2012-2016

5.3.1 Convenio de Colaboración entre a Amtega e o IGE para optimizar a recollida de datos no ámbito dos fogares e das empresas

Unha importante liña de traballo do OSIMGA é a colaboración establecida co Instituto Galego de Estatística (IGE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nos fogares e nas empresas de Galicia, e que frutificou coa sinatura, en outubro de 2012, dun convenio de colaboración entre ambas as dúas entidades.

Isto tradúcese nun aval para os traballos do OSIMGA, que garante unha metodoloxía rigorosa de captación e tratamento dos datos, a exactitude e fiabilidade da información a divulgar e a precisión e coñecemento dos indicadores relativos á Sociedade da Información en Galicia.



- ✓ Esta colaboración permite a inclusión anualmente dun conxunto de indicadores relativos á Sociedade da Información nos fogares galegos na “Enquisa de condicións de vida das familias” que realiza o IGE, o que evita duplicidades, e supón un aumento de mostra da enquisas a fogares respecto ao numero de enquisas que facía o OSIMGA.
- ✓ O convenio tamén contempla a obtención, a través do IGE, dunha ampliación dos datos da “Enquisa de uso das TIC e comercio electrónico nas empresas do INE, especialmente no referido ás empresas multilocalizadas, é dicir, empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na nosa Comunidade así como datos de comercio electrónico e microempresas galegas.

Liña 3 – PROXECTOS EN COLABORACIÓN CO IGE E NO MARCO DO IV PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2012-2016




5.3.2 Actualización do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia. Edición 2013

No ano 2013 foi elaborado e aprobado polo Consello Galego de Estatística un novo proxecto técnico desta operación estatística para dar resposta a evolución continua da Sociedade da Información e a vixilancia constante das tendencias das novas tecnoloxías.

Dando cumprimento ao programa estatístico anual para o ano 2013, o Observatorio publicou en decembro unha edición actualizada do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

O Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia está composto por 29 indicadores, que permiten monitorizar a evolución da penetración e uso das tecnoloxías nos seguintes ámbitos: poboación, empresas, sector TIC e administración electrónica. Ademais, achega información sobre o ritmo de crecemento nos últimos catro anos.



XUNTA DE GALICIA

5.3.3 Enquisa ás Empresas TIC

En 2013 o OSIMGA elaborou un proxecto técnico que describe as características conforme as que se realiza esta operación estatística.

Este proxecto foi aprobado polo Consello Galego de Estatística, outorgando así un aval de calidade e certificando a rigorosidade deste estudo realizado anualmente polo OSIMGA

5.3.4 A Administración electrónica na Xunta de Galicia e nos concellos galegos

En 2013 o OSIMGA elaborou un novo proxecto técnico da operación estatística "A Administración electrónica na Xunta de Galicia", co fin de realizar as axeitadas adaptación á centralización de competencias en materia TIC da Amtega. Este proxecto técnico foi aprobado polo Consello Galego de Estatística e o OSIMGA levou a cabo unha nova edición deste estudo, conforme aos novos requisitos do proxecto.

Ademais, no último trimestre do ano 2013, realizouse a recollida de datos dunha nova edición da enquisa aos concellos galegos, preveuse a difusión de resultados no ano 2014.



5.4 Liña 4 – SISTEMA DE INFORMACIÓN E VIXILANCIA

O Decreto 21/2010 define o OSIMGA coma órgano asesor e como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información en Galicia.

Durante o ano 2013, o Observatorio intensificou os seus esforzos para xestionar e ofrecer á sociedade galega o máximo nivel de información de calidade, actualizada e analizada sobre o grao de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.

No pasado ano, incrementáronse significativamente os indicadores analizados e as análises de estudos externos realizados polo OSIMGA e os resultados obtidos son altamente positivos, quedando claramente reflectidos no importante aumento de visitantes da web do OSIMGA.



Liña 4 – SISTEMA DE INFORMACIÓN E VIXILANCIA



Significativo aumento das visitas á web do OSIMGA www.osimga.org

A web do OSIMGA, realizada en código aberto, é a principal ferramenta de difusión pública das actividades realizadas polo OSIMGA como dispositivo de xestión, información e vixilancia especializada e unha referencia experta no seu ámbito. Esta web é unha canle aberta de comunicación e difusión dos datos, informacións, estudos e outros materiais elaborados polo Observatorio.

O portal web do OSIMGA recibiu 82.625 visitas, un 27,7% máis que o ano anterior, e máis de 44.000 visitantes distintos durante o ano 2013. Atendendo á evolución mensual correspondente ao ano 2013, cabe salientar que nos meses de outubro e novembro acadáronse os valores máis elevados, con máis de 5.200 visitantes distintos e ao redor de 10.000 visitas. Este período coincide cos meses de maior volume de publicación de informes e estudos temáticos do OSIMGA.

Evolución nos anos 2012 - 2013	Visitantes distintos 2012 - 2013	Número de visitas 2012 - 2013	Páxinas vistas 2012 - 2013
Xaneiro	1561 - 4601	4518 - 6771	11477 - 14320
Febreiro	1342 - 3303	4176 - 5381	12055 - 13390
Marzo	1783 - 3303	5219 - 5740	15015 - 17525
Abril	1784 - 2404	4135 - 5035	11763 - 16006
Maio	2005 - 2943	4800 - 5499	16246 - 12787
Xuño	1987 - 4231	5263 - 7388	12637 - 15293
Xullo	1835 - 3651	4617 - 7640	11773 - 15303
Agosto	2196 - 3666	4730 - 7020	9996 - 17100
Setembro	3069 - 2969	6280 - 5154	13029 - 12442
Outubro	3952 - 5203	7329 - 9637	15408 - 18607
Novembro	4889 - 5897	7837 - 11167	16278 - 22907
Decembro	3245 - 2382	5797 - 6243	11615 - 11606

BALANCE 2012

29.648

64.701

157.292

BALANCE 2013

44.013

82.625

187.286

Liña 4 – SISTEMA DE INFORMACIÓN E VIXILANCIA



Atendendo á evolución anual dos principais indicadores relacionados coa web no último ano, obsérvase que o incremento de análise e estudos publicados na web do OSIMGA ten correspondencia co incremento de visitantes que acceden e consultan os produto e servizos que ofrece a web do OSIMGA

	2011	2012	2013
Visitas medias mensuais	2.914	5.391	6.885
TOTAL de visitas anuais	34.968	64.701	82.625

As visitas da web aumentaron un 27,7% no último ano



Liña 4 – SISTEMA DE INFORMACIÓN E VIXILANCIA



A través da súa web e do seu boletín semanal de actualidade, **que conta xa con máis de 1.872 subscritores**, o Observatorio subministra unha selección de noticias de actualidade, eventos, enlaces con outras fontes de información, observatorios ou entidades relacionadas coa modernización da Administración autonómica galega e a Sociedade da Información.

Ademais, o fondo histórico do OSIMGA presenta unha panorámica, ordenada de xeito cronolóxico e temático, da evolución da Sociedade da Información e a Administración electrónica en Galicia.

A integración coas canles 2.0 da Axencia para a Modernización e Innovación Tecnolóxica permite avanzar cara ao modelo de administración aberta, primando as relacións coa cidadanía e o contacto directo con eles, facéndose máis transparente, participativa e colaborativa



Amtega @iMitXunta · 30 de dic.
Galicia sitúase entre as cinco primeiras CCAA con maior volume de empresas do sector TIC e dos contidos dlvr.it/4byjv5
Abrir [Responder](#) [Retwittear](#) [Favorito](#) [Máis](#)

Amtega @iMitXunta · 8 de abr.
Tres de cada catro pequenas e medianas empresas galegas dispoñen de Software Libre dlvr.it/3CDnUJ
Abrir [Responder](#) [Retwittear](#) [Favorito](#) [Máis](#)

Liña 4 – SISTEMA DE INFORMACIÓN E VIXILANCIA



Vixilancia e análise de fontes de información externas

Xunto cos labores vinculados ás observacións propias, o OSIMGA deu continuidade en 2013 ás tarefas de vixilancia e análise de fontes de referencia externas. Este traballo facilita a realización de análises comparativas e aliñacións de datos de Galicia con outros marcos xeográficos que se aproveitan para a realización de informes de situación, resolución de consultas, noticias e outros produtos de información OSIMGA.

Algunhas fontes de información externa analizadas en 2013 foron:

**Eurostat**Fundación
Telefónica**CMT****IGE****INE****AMETIC**

Asociación de Internautas

AIMC

CPEIGFundación
Vodafone**ADIGITAL**

FUNDETEC

Comisión Europea

ONTSI**CENATIC**

ANEI

ONU

INTECOFundación
Orange**OCDE**



5.5 Liña 5 – COLABORACIÓNS

O OSIMGA, deu continuidade durante o ano 2013 ao importante capítulo das colaboracións, apoiando, organizando e integrando distintos grupos de traballo temáticos compostos por distintos organismos e institucións a fin de promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades.

No ano 2013, cabe destacar a sinerxía establecida entre a Amtega, a través do OSIMGA, e o IGE, abrindo liñas de colaboración en distintos ámbitos de observación. A continuación relaciónanse as principais entidades coas que cooperou o OSIMGA e descríbense os principais resultados desta colaboración.

O OSIMGA facilitou tamén datos a outros organismos e entidades, atendendo a demanda de información sobre a Sociedade da Información en Galicia e achegando os datos para cubrir as necesidades da Administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.



Liña 5 – COLABORACIÓNS

**IGE**

“Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a optimización das operacións estatísticas no ámbito da sociedade da información: fogares e empresas”

ORGANISMO**DESCRICIÓN**

O Convenio de Colaboración asinado entre Amtega e o IGE, permitiu a integración dos indicadores da sociedade da información na poboación de Galicia dentro da enquisa de “Condicións de vida” realizada polo IGE no ano 2013 e unha explotación ad-hoc de datos sobre o desenvolvemento da sociedade da información nas empresas de Galicia, facilitados polo IGE e procedentes da “enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas” realizada polo Instituto Nacional de Estadística (INE).

ÁMBITO

Fogares e empresas

INE (a través do IGE)

Inclusión de novos indicadores na “Enquisa de uso de TIC e Comercio electrónico nas empresas” do INE e obtención, a través do IGE, de datos específicos sobre as empresas con actividade en Galicia pero con sede fóra de Galicia e indicadores sobre comercio electrónico das empresas galegas.

ORGANISMO**DESCRICIÓN**

A través do mencionado Convenio de Colaboración, asinado entre a Amtega e o IGE, obtivéronse datos sobre as empresas con actividade en Galicia pero con sede fóra de Galicia e unha ampliación dos indicadores sobre as microempresas e comercio electrónico correspondente ás empresas galegas, procedentes da “Enquisa de uso de TIC e Comercio electrónico nas empresas” do INE.

ÁMBITO

Empresas

**Red.es (ONTSI)*****Consulta de datos e informes sobre a evolución das TIC a nivel estatal*****ORGANISMO**

DESCRICIÓN

O OSIMGA consulta e realiza un seguimento sobre os indicadores en materia da Sociedade da Información que publica o Observatorio Nacional das Telecomunicacións e da Sociedade da Información (ONTSI).

ÁMBITO

Sistema de
Indicadores e estudos
temáticos

Telefónica***O OSIMGA elaborou un capítulo relativo á Sociedade da Información en Galicia que se integrou no informe “La Sociedad de la Información en España 2013”*****ORGANISMO**


Fundación Telefónica

DESCRICIÓN

No marco de colaboración que o Observatorio desenvolve coa Fundación Telefónica, elaborouse un informe sobre a situación da Sociedade da Información en Galicia en 2013 que recompila os principais indicadores e a realidade dixital de Galicia a través dos seus proxectos máis relevantes. Esta colaboración integrouse no informe “La Sociedad de la Información en España 2013”, publicado en xaneiro de 2014.

ÁMBITO

Xeral



Unidade de Muller e Ciencia

Elaboración de 3 estudos temáticos sobre a situación laboral da muller tecnóloga e análise dos indicadores da Sociedade da Información desde a perspectiva de xénero.

ORGANISMO


 unidade de
**muller e
ciencia**
de galicia

DESCRICIÓN

Desde que en xuño de 2010, a Amtega entrara a formar parte da Unidade de Muller e Ciencia, estableceuse unha estreita colaboración co OSIMGA que se concretou no ano 2012 coa elaboración do caderno “A incorporación da muller tecnóloga ao mercado laboral en Galicia”.

ÁMBITO

Cidadanía e
empresas

Ademais, o OSIMGA realiza un seguimento continuo dos indicadores da penetración das TIC atendendo á perspectiva de xénero, recabando os datos sobre a presenza de mulleres no sector empresarial TIC e as súas funcións no cadro de persoal destas empresas co fin de impulsar liñas de actuación tendentes a corrixir a situación de desigualdade.

OBSAE

Galicia é coordinadora do Grupo de Traballo “Observatorio, Medidas e Indicadores” do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no que participan todas as Comunidades Autónomas.

ORGANISMO


OBSAE | Observatorio
de Administración
Electrónica

DESCRICIÓN

O OSIMGA segue a colaborar co grupo de traballo “Observatorio da Administración Electrónica das Comunidades Autónomas, dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, facilitando os datos correspondentes á situación da Administración electrónica na Xunta de Galicia.

ÁMBITO

Administración

Ademais, Galicia é coordinadora do Grupo de Traballo “Observatorio, Medidas e Indicadores” neste proxecto colaborativo.

**CENATIC****Consulta de datos sobre a implantación do Software Libre****ORGANISMO****DESCRICIÓN**

O OSIMGA consulta e realiza un seguimento sobre os indicadores en materia de software libre que publica o Centro Nacional de Referencia de Aplicación das TIC baseadas en Fontes Abertas (CENATIC). Ademais, o OSIMGA ofrece a súa disposición para facilitar os principais datos relativos á situación e evolución do Software Libre en Galicia.

ÁMBITO

Software Libre

Seguimento da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal**Aportacións de datos para o seguimento da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal****DESCRICIÓN**

O OSIMGA proporcionou datos para o seguimento do cadro de mando da Axenda Dixital 2014.gal, a folia de ruta en materia tecnolóxica da Xunta de Galicia, e que foron incluídos no balance que publica anualmente a Amtega.

ÁMBITO

Xeral

Liña 5 – COLABORACIÓNS

**CDTIC**

O OSIMGA facilita os principios datos sobre o equipamento e uso das TIC no sector empresarial

ORGANISMO**DESCRICIÓN**

O OSIMGA estableceu unha proveitosa colaboración co Centro Demostrador TIC de Galicia (CDTIC), facilitando os datos para avaliar a penetración das tecnoloxías nas empresas e no sector TIC.

ÁMBITO

Empresas

No ano 2013, tamén se proporcionaron datos relativos ao uso das TIC por parte dos autónomos ou análises sectoriais específicas.

VOLDIX

O OSIMGA facilitou indicadores para o seminario Peer Review no que expertos da Comisión Europea analizaron o Programa Voluntariado Dixital da Xunta de Galicia como exemplo de inclusión social a través das TIC.

ORGANISMO**DESCRICIÓN**

O OSIMGA facilitou os principios datos sobre a fenda dixital existente cos principais colectivos en risco de exclusión, atendendo á demanda de información do proxecto “Voluntariado Dixital de Galicia” (VOLDIX). En particular, con motivo da celebración o seminario *Peer Review* no que expertos da Comisión Europea analizaron o Programa Voluntariado Dixital da Xunta de Galicia, o OSIMGA prestou especial atención ao seguimento dos indicadores desagregados por idade, xénero e hábitat.

ÁMBITO

Cidadanía

Liña 5 – COLABORACIÓNS



Plan eConcellos

Recollida de datos para unha nova edición do estudo “A Administración electrónica nos concellos Galegos”



ÁMBITO

Administración

DESCRICIÓN

Recollida de datos para a Enquisa sobre a administración electrónica nos concellos de Galicia, en estreita colaboración coa Oficina eConcellos, dentro do marco estratéxico Plan eConcellos, o instrumento da Xunta de Galicia para impulsar a eAdministración nos concellos galegos.

O Observatorio realizou a enquisa a través dunha plataforma web, habilitada a través do portal de Eido local, para a cumprimentación da enquisa. Os resultados deste estudo serán publicados no 1º semestre de 2014.

Plan de Banda Larga

Aportacións de datos sobre a contratación de Internet que complementan o seguimento do Plan de Banda larga da Xunta de Galicia

Plan Banda Larga
2010-2013
A chave da Galicia do futuro

ÁMBITO

Fogares e
Empresas

DESCRICIÓN

O OSIMGA realizou no ano 2013 un informe específico sobre os principais indicadores da contratación da banda larga nos fogares galegos. Estes datos complementan ao seguimento da penetración e despregue que se realiza no marco do Plan de Banda Larga 2010-2013 da Xunta de Galicia.



Achega de información para a elaboración do Plan de Inclusión Dixital

O OSIMGA colaborou na elaboración do Plan de Inclusión Dixital de Galicia, atendendo á demanda de datos estatísticos que permitisen detectar os posibles problemas que afecten a extensión da Sociedade da Información en Galicia, con especial atención aos colectivos en risco de exclusión.



ÁMBITO

Cidadanía

DESCRICIÓN

O OSIMGA atendeu a demanda de información para a elaboración dunha nova estratexia materializada no Plan de Inclusión Dixital de Galicia, orientado ao cumprimento dos obxectivos establecidos polas Axendas Dixitais española e europea no eido da inclusión dixital.

A través deste Plan definírase un modelo global e universal de inclusión dixital, cunha maior capilaridade no territorio e no que participarán os axentes coñecedores da realidade da comunidade galega.

Achega de datos ad-hoc e para xornadas ou eventos

Atención á demanda de información sobre a Sociedade da Información en Galicia e achegando os datos para cubrir as necesidades da Administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.



ÁMBITO

Xeral

DESCRICIÓN

O OSIMGA atendeu a demanda de información ad-hoc sobre a Sociedade da Información en Galicia e a Amtega contou, en todo momento co respaldo do labor de observación e análise do OSIMGA, proporcionando datos específicos de áreas de interese para a súa difusión en diversos foros e eventos que se celebraron no ano 2013 (17 de Maio - Día de Internet e das Telecomunicacións, Mesa de Diálogo Social,...)

